



# BANDO MUNICIPAL

## Celebración do San Xoán na noite do 23 a 24 de xuño de 2020

Dende o Concello preténdese potenciar e revitalizar a cultura e as tradicións galegas, entre elas unha de grande arraigamento como é a celebración da noite do San Xoán. Este ano a situación creada pola pandemia do Covid-19 esixe que, para permitir as actividades vinculadas a este evento, se estableza unha normativa que minimize o risco de contaxio e se adapte plenamente ao que ditaminan as autoridades sanitarias no momento. Polo tanto publícase este bando que recolle as normas que regularán as diferentes actividades que se poderán realizar:

### Fogueiras nun espazo público

Esta actividade pasa por ser a de maior risco de contaxio, pois existe a posibilidade de que se produzan aglomeracións de persoas nas que non se respecten as distancias nin se garanta o uso de máscaras de protección. Polo tanto a normativa pretende ser moi estrita e garante de que as circunstancias descritas non se produzan, a seguridade das persoas debe prevalecer. A continuación explícanse as condicións nas que se poderá empregar o espazo público para a realización das tradicionais fogueiras do San Xoán:

1. Establécese como **única zona autorizada** para a realización das tradicionais fogueiras do San Xoán **a praia dos Areos**. As solicitudes para outros lugares onde se veñen celebrando de maneira tradicional serán atendidas individualmente e autorizadas ou non en función do risco que supoñan e da capacidade do Concello para realizar control sobre elas. Quedan especificamente **prohibidas nas praias da Corna, A Illa, A Lombiña, A Barca e Os Raposiños**.
2. Condicións dentro da zona autorizada da praia dos Areos:
  - a. O Concello dividirá a zona mediante sinalización física en parcelas, que poderán ser solicitadas por grupos de persoas para o seu uso a devandita





## Concello da Pobra do Caramiñal

---

- noite.
- b. As persoas interesadas en realizar unha fogueira deberano solicitar no rexistro xeral do Concello, coa data límite do luns 22 de Xuño ás 12.00 horas. O número mínimo de persoas no grupo será de 5 e o máximo de 20. En ningún caso se permitirá superar esa cifra.
  - c. A solicitude deberá recoller a seguinte información:
    - i. Nome, apelidos e DNI de todas as persoas que compoñen o grupo.
    - ii. Identificación dunha persoa como responsable do grupo.
    - iii. Un correo electrónico e un número de teléfono de contacto.
  - d. Debido a que as parcelas son limitadas, a adxudicación realizarase por orde de entrada no rexistro municipal.
  - e. O horario de utilizacións das parcelas transcorrerá dende as 20:00 ata as 03:00 h
  - f. As fogueiras non poderán superar os 2 metros de altura e non poderán ter un diámetro maior a 2 metros. O material combustible será de orixe vexetal. Non se poderán utilizar combustibles de orixe inerte (plásticos, gomas, espumas etc. ...) nin utilizar acelerantes (gasolina, gasóleo, disolventes...). A madeira que se poida empregar non debe conter restos metálicos, nin de vidro nin de calquera outro tipo que poida supoñer un risco ambiental ou non sexa totalmente combustible.
  - g. Será obrigatorio o uso da máscara de protección nos accesos ás parcelas e dentro delas cando non se cumpra a distancia de seguridade de 1.5 metros.
3. Por mor da situación creada pola pandemia do Covid-19 toda a zona estará especialmente vixiada e preparada para reducir o risco de contaxio. Calquera persoa ou grupo que incumpra as normas establecidas polas autoridades sanitarias e o establecido neste bando procederase ao desaloxo da parcela e realizarase a proposta de sanción correspondente.

## Fogueiras nun espazo privado

A realización de fogueiras en terreos particulares está permitida pola lexislación vixente durante o día 23 de xuño. Polo tanto o Concello procederá á súa autorización e comunicará ao distrito forestal o seu número e situación. A maioría serán para a queima de restos vexetais . Pero resulta evidente que nesta situación se empregarán en moitos casos para a celebración da noite do San Xoán. Por este motivo o Concello quere lembrar que é obrigatorio respectar as condicións que se recollen no plan para a transición cara a unha nova normalidade, que recolle as medidas preventivas e de





## Concello da Pobra do Caramiñal

---

seguridade que se detallan a seguir:

- Respetar a distancia mínima interpersoal de 1,5 m e no caso de que non sexa posible empregar máscara de protección.
- Non superar o límite de 20 persoas.
- Realizar unha axeitada hixiene de mans mediante o lavado frecuente con auga e xabón ou mediante o uso de xel hidroalcohólico.

Pero tamén é necesario cumprir coa normativa que regula a prevención de incendios:

- Unicamente contarán con autorización aquelas fogueiras que teñan efectuada a comunicación ao Concello da Pobra do Caramiñal, presentada no rexistro do Concello, ou no rexistro electrónico desta entidade, ata o día 19 de xuño de 2020.
- Este apartado afecta unicamente aquelas cacharelas que sexan realizadas en terreos particulares, o día 23 de xuño, a partir das 18.00 horas, as cales deberán quedar perfectamente apagadas antes das 3.00 horas do día seguinte.
- Queda prohibido realizar lume en solo rústico de protección forestal e de espazos naturais.
- Medidas preventivas:
  - Previamente ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar.
  - Non se prenderá lume preto de masas forestais ou matogueiras (50 metros de distancia mínima), nin a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo.
  - As fogueiras non poderán superar os 2 metros de altura e non poderán ter un diámetro maior a 2 metros. O material combustible será de orixe vexetal. Non se poderán utilizar combustibles de orixe inerte (plásticos, gomas, espumas etc. ...) nin utilizar acelerantes (gasolina, gasóleo, disolventes...). A madeira que se poida empregar non debe conter restos metálicos, nin de vidro nin de calquera outro tipo que poda supoñer un risco ambiental ou non sexa totalmente combustible.
  - Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Ademais, se logo de iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagarlo.
  - Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado. Deberán ter á man medios adecuados para a extinción do lume.

---

## Concello da Pobra do Caramiñal





## Instalación de grellas na vía pública

Autorizarase os locais hostaleiros que así o soliciten a instalación de grellas para asar sardiñas ou outros produtos típicos nas prazas e rúas da vila, cumprindo a seguinte normativa, e sempre garantindo os dereitos da veciñanza e a súa seguridade:

- Deberase prestar especial atención a cumprir coas normas de protección fronte ao Covid-19 que afectan a actividade hostaleira. A distribución do produto realizarase directamente polo persoal do establecemento, en ningún caso se permitirá a formación de colas por parte da clientela.
- As solicitudes, por escrito, dirixiranse ao Concello, no modelo que a seguir se presenta. O prazo de presentación de solicitudes terá como data límite o día 22 de xuño.
- Para poder solicitar a instalación dunha grella deberá presentarse a instancia coa sinatura da persoa responsable ou responsables do local ou locais de hostalaría interesadas en instalala. Daráselle prioridade a aquelas solicitudes que se refiran a agrupamentos de varios locais de hostalaría, no caso de ter varias solicitudes para o mesmo espazo. Na solicitude conxunta ou individual indícarase o **lugar exacto onde se colocará a grella.**
- As grellas serán móbiles, para podelas instalar e retirar esa mesma tarde-noite. Terán unha estrutura metálica sólida e segura. A zona da brasa deberá estar a unha altura mínima de 50 cm do chan. Será imprescindible unha protección para non danar nin manchar con graxa a superficie do chan, especialmente cando o pavimento sexa de pedra. Deberase empregar para este cometido unha cuberta que non sexa doadamente combustible, como pranchas de madeira ou metal. Usarase carbón vexetal, non leña. Cada grella terá a seu carón algún sistema de apagamento inmediato por se for necesario, como un caldeiro con auga, manguera, area ou extintor. Non se poderán usar acelerantes, salvo pastillas específicas para o acendemento do lume.
- NON montar grellas nas proximidades de:
  - Contedores para a recollida de residuos.
  - Vivendas, especialmente se contan con cristaleiras.
  - Vehículos.
  - Canalizacións de gas e cables eléctricos.
  - Vexetación.
  - Valados, bancos, papeleiras ou calquera outro mobiliario urbano.
  - En xeral, calquera outro elemento que poida producir combustión de maneira doada.
- A distancia mínima entre a grella e calquera elemento ten que ser superior a 2





## Concello da Pobra do Caramiñal

---

metros, garantindo o paso seguro das persoas viandantes e en ningún caso cortando o acceso. As grellas que se instalen nunha mesma praza ou rúa estarán preferentemente **agrupadas no mesmo espazo**, aínda que pertencen a diferentes establecementos.

- O horario de funcionamento das grellas será dende as **19:00 horas** do día 23 ata as **01:00 horas** do día 24, momento no que se terán que apagar e recoller.
- As solicitudes presentadas, se non se denegan por escrito ou por calquera outro medio, quedan autorizadas. O Concello poderá comunicar a necesidade de modificar a situación dunha grella, cando considere por algún motivo obxectivo que non é a mellor posible para esa rúa ou praza.
- Será responsabilidade das persoas solicitantes garantir a seguridade, a montaxe e a recollida das grellas, así como do seu correcto uso. No caso do incumprimento desta normativa dende o Concello tomaranse as medidas que se consideren oportunas, que irán dende a retirada obrigada esa mesma noite á non participación neste evento en vindeiros anos.

### O ALCALDE

Xosé Lois Piñeiro García

---

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: ---



Cod. Validación: R68PHTGQAA63Q9LKRWYZHJM7P | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5